MEMORIA DE ACTIVIDADES

Curso 2024/2025



Universidade Vigo

MUVERS! activa + saudable + happy

Área de
Benestar, Saúde e Deporte

Índice

ÍNDICE 1

1. ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS PROPIAS **3**

1.1. PERSOAS ABONADAS 3
1.1.1 Abono Básico *3*
1.1.2 Abono mUVer *3*
1.2. ACTIVIDADES DE USO LIBRE 5
1.3. ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS 5
1.4. ESCOLAS DE INICIACIÓN DEPORTIVA 5

2. ACTIVIDADES NA NATUREZA **7**

2.1. AUGAVENTURA 7
2.2. EXPLORACAMPUS 7
2.3. RUTAS CULTURAIS 7

3. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS **9**

3.1. COMPETICIÓNS INTERNAS 9
3.1.1. Ligas universitarias *9*
3.1.2. Campionatos individuais *10*
3.2. CAMPIONATOS GALEGOS UNIVERSITARIOS 10
3.2.1. Deportes colectivos *10*
3.2.2. Natación *11*
3.2.3. Orientación *11*
3.2.4. Vela *11*
3.3. CAMPIONATOS DE ESPAÑA 13
3.3.1. Participación individual *13*
3.3.2. Modalidade de participación por equipos *14*
3.4. COMPETICIÓNS INTERNACIONAIS 14
3.4.1. Xogos Mundiais Universitarios *14*
3.4.2. Xogos Galaico Durienses *14*

4. DEPORTE FEDERADO **15**

4.1. CAMPUS DE OURENSE 15
4.1.1. Club deportivo Dereito-Empresariais de tenis (acordo de colaboración) *15*
4.1.2. Club de Xadrez Ourensán Universitario (acordo de colaboración) *15*
4.1.3. Club Campus Ourense Rugby (acordo de colaboración) *16*
4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA 16
4.2.1. Escola de xadrez Pontevedra – Universidade de Vigo (acordo de colaboración) *16*
4.3. CAMPUS DE VIGO 17
4.3.1. Sección deportiva de tenis *17*
4.3.2. Sección deportiva de carreiras de orientación *17*
4.3.3. Kaleido Vigo Rugby Club (acordo de colaboración) *18*

5. PROMOCIÓN DA SAÚDE **18**

5.1. CUESTIONARIOS DE APTITUDE PARA O EXERCICIO 18
5.2. VALORACIÓN FUNCIONAL 19
5.3. ACTIVIDADES DA REDE ESPAÑOLA DE UNIVERSIDADES PROMOTORAS DA SAÚDE 19

6. EVENTOS **19**

6.1. ORGANIZADOS POLA ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTE 19
6.1.1. Campus de Ourense *19*
6.1.2. Campus de Pontevedra *20*
6.2. ACTIVIDADES DO ESTUDANTADO 20
6.2.1. Campus de Pontevedra *20*
6.2.2. Campus de Vigo *20*
6.3. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES 21
6.3.1. Campus de Ourense *21*

6.3.2. Campus de Vigo 22
6.4. SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS 23
6.4.1. Campus de Ourense 23
6.4.2. Campus de Pontevedra 23
6.4.3. Campus de Vigo 23

7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN 23

7.1. PROGRAMA DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR PRÁCTICA DEPORTIVA 23
7.1.1. Escolas deportivas 23
7.1.2. Representación da Universidade en competicións federadas 24
7.1.3 Colaboración en eventos universitarios 24
7.2. BOLSAS E PRÁCTICAS DO ALUMNADO 24
7.2.1. Bolsas de formación complementaria: dinamización da actividade do estudantado no campus de Vigo 24

8. OUTRAS ACTUACIÓNS 25

8.1. INTERNACIONALIZACIÓN 25
8.1.1. Participación na Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios (ENAS) 25
8.2. CALIDADE 25
8.2.1. Xestión de queixas e suxestións 25
8.3. TRATAMENTO DA PERSPECTIVA DE XÉNERO 25
8.4. APOIO A DEPORTISTAS DE ELITE 26
8.5. ACTIVIDADE DE XESTIÓN E REPRESENTACIÓN 27

9. ALIANZAS 27

9.1 Campus de Ourense 27
9.2 Campus de Pontevedra 27
9.3 Campus de Vigo 27
9.4 NOVOS CONVENIOS E NOVOS ACORDOS DE COLABORACIÓN ASINADOS 28

10. USOS DOS ESPAZOS DEPORTIVOS 29

10.1. INSTALACIÓNS PROPIAS 29
10.1.1. Usos colectivos 29
10.1.2. Usos individuais 30
10.1.3. Relación das entidades usuarias 30
10.1.3.1. Campus de Ourense 30
10.1.3.2. Campus de Pontevedra 31
10.1.3.3. Campus de Vigo 31
10.2. INSTALACIÓNS DE XESTIÓN ALLEA NOS CAMPUS 33
10.2.1. Campus de Ourense – Be One As Lagoas 33
10.2.2 Campus de Vigo – Instinto Deportivo Vigo 33
ABODADOS COMUNIDADE UNIVERSITARIA 33

11. COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS 35

11.1. ZONA WEB 35
11.1.1. Facebook 35
11.1.2. Bluesky 35
11.1.3. Youtube 36
11.1.4. Instagram 36
11.1.5. Tiktok 36

1. ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS PROPIAS

1.1. Persoas abonadas

1.1.1 Abono Básico

O abono básico permite facer uso regular dos vestiarios, dos armarios e da pista de atletismo. Durante o curso 2024/2025 houbo unha media mensual de 170 persoas entre os campus de Ourense e Vigo (62 % homes e 38 % mulleres)

	Ourense			Vigo			Total		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Media mensual mUVers	71,67	47,17	118,83	34,58	17,33	51,92	106,25	64,54	170,75
Porcentaxe	60,31 %	39,69 %	69,59 %	66,61 %	33,39 %	30,41 %	62,23 %	37,77 %	100%

1.1.2 Abono mUVer

Este abono proporciona acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante abano de actividades dirixidas, ademais de permitir gozar de descontos noutros servizos de pagamento.

Durante o curso 2024/2025 houbo unha media mensual de 1289 persoas aboadas entre os tres campus o que supuxo un descenso respecto do curso anterior, con especial incidencia no campus de Ourense.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Total		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Media mensual mUVers	270,1	130	400,1	176,8	185,5	362,3	355,8	179,9	535,75	802,7	495,4	1298,2
Porcentaxe	67,5%	32,5%	30,8%	48,8%	51,2%	27,9%	66,4%	33,6%	41,3%	61,8%	38,2%	100%

A distribución entre homes e mulleres foi de 61,8 % homes e 38,2 % mulleres, moi similar a de anos anteriores.

A evolución das persoas abonadas ao longo do curso en cada campus podemos vela na seguinte gráfica na que se reproduce a evolución típica vencellada á duración do curso académico.


700
600
500
400
300
200
100
0
setembro
outubro
novembro
decembro
xaneiro
febreiro
marzo
abril
maio
xuño
xullo
agosto
Campus Ourense 24/25 total
Campus Pontevedra 24/25 total
Campus Vigo 24/25 total

1.2. Actividades de uso libre

As actividades de uso libre individual máis practicadas nas instalacións deportivas son o atletismo, o fitness e a escalada con mais de 3500 persoas usuarias entre os tres campus. Neste tipo de actividades destaca a participación masculina con porcentaxes próximos ao 65 % mentres que as mulleres, como veremos no seguinte apartado, mostraron unha maior preferencia polas actividades dirixidas.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Total		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Atletismo	637	238	875			0	365	149	514	1002	387	1389
BTT			0			0	14	7	21	14	7	21
Fitness	469	203	672	318	270	588	653	291	944	1440	764	2204
Escalada			0			0	23	24	47	23	24	47
Total	1106	441	1547	318	270	588	1055	471	1526	2479	1182	3661
%	71,5%	28,5%	42,3%	54,1%	45,9%	16,1%	69,1%	30,9%	41,7%	67,7%	32,3%	100,0%

1.3. Actividades dirixidas de fitness

A oferta de actividades dirixidas de fitness incluídas no abono mUVer foi moi similar á de anos anteriores con actividades xa consolidadas entre a comunidade universitaria e nas que a presenza feminina é maioritaria superando o 80% das persoas participantes.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Total		
Actividades	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Adestramento funcional	6	24	30			0	11	51	62	17	75	92
Adestramento personalizado	2	14	16			0			0	2	14	16
Body pump	4	30	34			0			0	4	30	34
Ciclo indoor			0			0			0	0	0	0
CORE			0			0	6	63	69	6	63	69
Educación postural	4	25	29			0			0	4	25	29
HIIT			0	29	96	125	22	30	52	51	126	177
Ioga	3	39	42			0	12	55	67	15	94	109
Pilates			0	16	100	116			0	16	100	116
Total	19	132	151	45	196	241	51	199	250	115	527	642
%	13%	87%	24%	19%	81%	38%	20%	80%	39%	18%	82%	100%

1.4. Escolas de iniciación deportiva

A Área de Benestar, Saúde e Deporte desenvolveu durante o curso 2024/2025 varias escolas e cursos de iniciación de carácter non federado co obxectivo de achegar á comunidade universitaria á práctica de diferentes modalidades deportivas dun xeito lúdico e divertido. O voleibol mantívose este ano como a actividade mais demandada por diante do tenis e a escalada. A participación nestas actividades por xénero estivo bastante equilibrada achegándose ao 50 % no cómputo total.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Total		
Actividades	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Bádminton			0	14	27	41	12	6	18	26	33	59
Baloncesto			0	34	22	56			0	34	22	56
Escalada deportiva			0			0	5	6	11	5	6	11
Escalada en bloque			0			0	37	28	65	37	28	65
Jiu Jitsu			0			0	45	14	59	45	14	59
Pickleball			0			0	10	14	24	10	14	24
Rugby			0			0	12	3	15	12	3	15
Tenis	27	16	43			0	29	21	50	56	37	93
Tenis infantil	12	12	24			0			0	12	12	24
Tenis de mesa			0			0	7	1	8	7	1	8
Voleibol	23	17	40	26	27	53	30	22	52	79	66	145
Volei Praia	6	2	8			0			0	6	2	8
Xadrez	1	1	2			0			0	1	1	2
Total	69	48	117	74	76	150	187	115	302	330	239	569
%	59%	41%	21%	49%	51%	26%	62%	38%	53%	58%	42%	100%

2. ACTIVIDADES NA NATUREZA

2.1. Augaventura

O programa de actividades no medio acuático, Augaventura, foi novamente o motor da iniciación aos deportes acuáticos. Dende o 2012 converteuse xa en todo un referente entre a comunidade universitaria.

Coas tradicionais quendas de outono e primavera serviu como forma de desfrutar, durante un día, de deportes no medio acuático en condicións moi vantaxosas.

As actividades elixidas nesta ocasión foron: descenso de rápidos (*rafting*), surf, windsurf, caiac-mergullo-andaina, flyboard e wakeboard.

	Total persoas participantes		
	Masc.	Fem.	Total
Caiac + Mergullo + Andaina	7	14	21
Descenso de rápidos	19	20	39
Flyboard	12	10	22
Mergullo	6	10	16
Surf	28	43	71
Wakeboard	20	10	30
Windsurf	9	12	21
Total	101	119	220
%	46%	54%	100%

2.2. Exploracampus

<u>Andaina do Solpor no Monte do Galiñeiro</u>
- xoves 8 de maio de 18:30 a 23:00
Actividade desenvolvida en colaboración coa Delegación de Alumnado da Escola de Minas e Enerxía.
Percorrido: Campus universitario-Monte do Galiñeiro-Campus Universitario
Nº participantes: 31

2.3. Rutas culturais

Durante o curso organizáronse 10 rutas de sendeirismo con diversos niveis de dificultade ao longo da xeografía galega e portuguesa. Ademais do exercicio físico as rutas pretenden incrementar o coñecemento do patrimonio natural e arqueolóxico e mesmo, en moitos dos casos, finalizaron con actividades de tipo cultural ou lúdico. Facilítanse varios autocares que trasladan as persoas participantes dos campus de orixe ata o lugar de saída e regreso. A participación global rexistrada foi de 948 inscricións (615 mulleres e 333 homes).

Ruta e data	Homes	Mulleres	Total
Ruta 1: Praias de Portugal. 25/10/2024	34	60	94
Ruta 2: Cultura e Natureza. Montederramo-Macizo Central (Ourense). 09/11/2024	29	63	92
Ruta 3: Mosteiro de Carboeiro-Fervenza do Toxa. 30/11/2024	25	51	76
Ruta 4: Nogueira de Ramuin-Rubeira Sacra. 14/12/2024	33	53	86
Ruta 5: Covelo-Aserradeiro Os Carranos. 01/02/2025	32	51	83
Ruta 6: Bosques Máxicos (Castro Caldelas-Ourense). 15/02/2025	40	59	99
Ruta 7: Devesa de Rogueira (Folgoso do Courel-Lugo). 08/03/2025	34	47	81
Ruta 8: Santa Comba (Bande-Ourense). 22/03/2025	26	56	82
Ruta 9: Fragas do Eume (Pontedeume-A Coruña). 05/04/2025	37	73	110
Ruta 10: Camiño dos Faros. De Arou a Cabo Vilán (Camariñas-A Coruña). 26/04/2025	43	102	145
Total	**333**	**615**	**948**

3. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS

3.1. Competicións internas

3.1.1. Ligas universitarias

3.1.1.1. Fase de campus (outubro 2024-febreiro 2025)

- Ourense:

Modalidades	Equipos	Participantes		Equipo gañador
		H	M	
Fútbol 7 mixto	17	114	63	Alfakukos FC
Fútbol Sala mixto	14	91	49	CD Mulas
TOTAL	**31**	**205**	**112**	

- Pontevedra:

Modalidades	Equipos	Participantes		Equipo gañador
		H	M	
Fútbol 7 mixto	12	172	6	Drink Team
Fútbol Sala mixto	7	78	1	Pota Séniors
TOTAL	**19**	**250**	**7**	

- Vigo:

Modalidades	Equipos	Participantes		Equipo gañador
		H	M	
Fútbol sala masculino	6	72	-	Ceutarras FS.
Fútbol 7 mixto	22	352	0	Manchester Piti
Tenis	16	16	0	G1: Xabier López. G2: Alejandro Torres G3: Héctor da Cunha
Voleibol mixto	6	38	30	Fentanilo
TOTAL	**51**	**436**	**50**	**486**

3.1.1.2. Final Intercampus

A fase final das Ligas Universitarias, con representación dos equipos gañadores en cada un dos campus desenvolveuse o xoves 20 de febreiro nas instalacións deportivas do campus de Ourense.

Modalidades	Equipos	Participantes		Campus gañador
		H	M	
Fútbol sala masculino	3	32	-	Campus de Vigo
Fútbol 11 masculino	4	51	-	Campus de Pontevedra
Voleibol mixto	3	18	12	Campus de Pontevedra
TOTAL	**10**	**101**	**12**	**113**

3.1.2. Campionatos individuais

Modalidades	Participantes			Gañador
		M	F	
Tenis (20/03 – 20/05)	16	16	-	David Noé Fidalgo
TOTAL	**16**	**16**	**-**	

3.2. Campionatos galegos universitarios

3.2.1. Deportes colectivos

Celebráronse os día 12 e 13 de marzo na Universidade de A Coruña, coa participación de alumnado universitario de toda Galicia. Por parte da Universidade de Vigo asistiron 170 estudantes que formaban parte dos equipos representativos da mesma. Na clasificación xeral a UVigo foi segunda con 24 puntos, por detrás da USC con 25, sendo a UDC terceira con 23 puntos.

Modalidade	Clasificación UVigo	Puntos obtidos
Baloncesto M.	3º clasificado	1
Baloncesto F.	2º clasificado	2
Balonmán M.	2º clasificado	2
Balonmán F.	1º clasificado	3
Fútbol M.	2º clasificado	2
Fútbol 7 F.	1º clasificado	3
Fútbol Sala M.	3º clasificado	1

Fútbol Sala F.	2º clasificado	2
Rugby 7 M.	1º clasificado	3
Rugby 7 F.	2º clasificado	2
Voleibol M.	2º clasificado	2
Voleibol F.	3º clasificado	1
	Puntos totais	**24**

3.2.2. Natación

A competición desenvolveuse na Piscina Universitaria do Campus de Ourense o día 25 de febreiro de 2025, e participaron 65 nadadores/as. A expedición da Universidade de Vigo estivo composta por 12 mulleres e 15 homes.
No conxunto da competición, o equipo gañador foi a Universidade de Vigo, seguido polo da Universidade de Santiago e, finalmente, a Universidade da Coruña.
A Universidade de Vigo acadou o primeiro posto nas seguintes probas:

- **50 m. costas feminino:** Eva Feijoo Gómez
- **50 m. libre feminino:** Eva Feijoo Gómez
- **200 m. libre masculino:** Mateo García Castro
- **100 m. bolboreta masculino:** Mateo García Castro
- **100 m. libre feminino:** Carla Faro Martínez
- **100 m. libre masculino:** Antón Ares Barral.
- **100 m. estilos feminino:** Sofía Carballo González
- **200 m. libres masculino:** Darío Pérez Paz
- **Remudas 4x50 m. libres mixta.**
- **Remudas 4x50 estilos mixto.**

3.2.3. Orientación

O martes 25 de marzo, no Campus de Santiago, o Monte Gáias e a Cidade da Cultura acolleron o Campionato Galego Orientación, organizado pola Área de Deportes da Universidade de Santiago. Este campionato contou con 45 participantes das tres universidades.

Participaron 7 deportistas no equipo da Universidade de Vigo, 4 homes e 3 mulleres, entre os que destacaron:

- Eva Casado. Medalla de bronce na proba feminina.
- Germán Pérez: Medalla de bronce na proba masculina

A Universidade de Vigo acabou no terceiro posto da clasificación xeral.

3.2.4. Vela

O xoves 27 de febreiro, a Universidade da Vigo e a Real Federación Galega de Vela organizaron nas instalacións deportivas do Centro Galego de Vela de Vilagarcía de

Arousa o IV Campionato Galego Universitario de vela. Con participación das tres universidades galegas, rexistráronse 35 participantes que conformaron 9 equipos mixtos: 3 da Universidade de Vigo, 1 da Universidade de Santiago de Compostela e 5 da Universidade da Coruña.

O equipo gañador da competición foi un representante da Universidade da Coruña, que conseguiu así praza para participar no CEU de Vela 2025.

3.3. Campionatos de España

Participaron nesta edición 62 deportistas da UVigo dos cales 29 son mulleres e 33 son homes en 14 modalidades deportivas dun total de 30.

3.3.1. Modalidades de participación individual

Asistiron en representación da UVigo 50 deportistas en 13 modalidades.
Acadáronse 10 medallas individuais (3 ouros, 2 pratas e 5 bronces) e unha na competición conxunta de Taekwondo (1 bronce).

MEDALLISTAS INDIVIDUAIS UVIGO CEU 2024		
Marcuello Chuchaykina, Valentina	Halterofilia	Bronce 69 Kg.
Romero Saco, Uxía	Halterofilia	Ouro 69 Kg.
Novoa Sánchez, Ana	Bádminton	Prata
Bello Álvarez, Saúl	Loitas O.	Bronce -80
Osco Abreu, Aimara	Loitas O.	Bronce -59
García Martínez, Catia	Taekwondo	Bronce -67
Fariña Mallón, Aitana	Taekwondo	Bronce -46
López Pequeño, Tania	Taekwondo	Prata -62
Rivadulla Lorenzo, Desirée	Taekwondo	Ouro +73
Tomás González, Lois	Taekwondo	Ouro -63
Carballo González, Sofía	Natación	Bronce 50 m Braza Feminino

3.3.2. Modalidades de participación por equipos

A Universidade de Vigo disputou o cadro final co Campionato de España na modalidade de Rugby Sete. O equipo estivo composto por 12 deportistas.
Na competición por equipos de Taekwondo a Universidade de Vigo acadaou a medalla de bronce.

MEDALLAS EQUIPOS VIGO CEU 2025	
Taekwondo	Bronce

3.4. Competicións internacionais

3.4.1. Xogos Mundiais Universitarios

Dous estudantes, unha de Fisioterapia, Desirée Rivadulla e Lois Tomás de Educación Primaria, participaron nos Xogos Mundiais Universitarios na modalidade de Taekwondo. As Olimpíadas Universitarias celebráronse na cidade alemá de Essen do 17 o 23 de xullo do 2025 e foron organizados pola Federación Internacional de Deporte Universitario (FISU).

3.4.2. Xogos Galaico Durienses

Os Xogos Galaico Durienses XXXV celebráronse no campus de Ourense entre os días 26 e 28 de novembro de 2024, reunindo a case 200 deportistas e persoal técnico de cinco universidades: as galegas UVigo e USC, e as lusas Universidade do Porto, UTAD e Minho. Os participantes competiron en catro modalidades deportivas nun ambiente de convivencia e espírito deportivo.
Nos resultados, a Universidade do Porto foi a primeira clasificada xeral, seguida de UVigo, UTAD, USC e Minho.

A UPorto acadou o primeiro posto nas modalidades de rugby 7 masculino e voleibol feminino, a UVigo en baloncesto mixto 3×3 e a USC en pádel mixto.

DEPORTE FEDERADO

3.5. Campus de Ourense

3.5.1. Club deportivo Dereito-Empresariais de tenis (acordo de colaboración)

O Club contou nesta temporada con 40 licenzas (34 homes e 6 mulleres) e varios equipos que participaron activamente en competicións autonómicas. Destacan as categorías sénior e veteranos nos dous xéneros. O equipo sénior A de división de honra conseguiu a medalla de prata despois de debutar na categoría, mentres que o sénior de segunda categoría logrou a promoción ao ascenso sen subir. Nos veteranos, o equipo +35 clasificou para o ascenso e o +45 finalizou en 5º lugar.
Ademais, o club organizou o XII Torneo Universitario, cunha participación moi salientable, e contou con 3 árbitros nacionais. Os adestramentos foron os xoves de 21 a 22 horas e os venres de 20 a 22 horas, liderados polos adestradores Carlos Francisco Carreira Cruz, Pablo Mosquera Pérez, Manuel Quiroga Peréz e Ricardo Álvarez Pérez.

3.5.2. Club de Xadrez Ourensán Universitario (acordo de colaboración)

O Club de Xadrez Ourensán Universitario (XOU) segue a ser un dos referentes dos taboleiros de xadrez na provincia.
Durante o ano 2025, o XOU participou en varias actividades entre as que destacan a presenza nos principais campionatos federados galegos.
Actividade máis destacada:

- **Participación nos campionatos oficiais individuais**: varios xogadores participaron no campionato provincial de Ourense. No campionato galego contouse con seis representantes do club.
- **Participación nas categorías de base**: unha xogadora participou no campionato galego sub-14 e un xogador na categoría sub-10.
- **Escola Universitaria de Xadrez**: durante dúas horas semanais, impartíronse clases presenciais con preparación de partidas, revisión das mesmas, traballo na creación dun repertorio de aperturas e resolución de problemas tácticos. As clases foron impartidas por Marcos Reza Salgado.
- **Organización do XI Torneo de Xadrez Campus de Ourense**: é torneo máis relevante da provincia, que este ano desenvolveuse en dúas modalidades: partidas rápidas e partidas lóstrego. No torneo de rápidas disputáronse 9 rondas con 79 xogadores, e no torneo lóstrego, 10 rondas con 74 xogadores.
- **Actividade extraescolar de xadrez**: desenvolvida no colexio Curros Enríquez os venres de 16:00 a 17:00 horas para introducir aos máis novos no xadrez e fomentar a súa incorporación ao club.
- **Colaboración coa academia ChessExcelsior**: traballo conxunto para o adestramento de xogadores novos coa intención de integralos no club.

Ademais, os xogadores do XOU tiveron destacadas actuacións en torneos autonómicos, nacionais e internacionais, como o Aberto Internacional Aninovo, o *Grand Prix* de Torun (Polonia), diversos campionatos galegos de ritmo rápido e lóstrego, e torneos internacionais como o *Grenke Chess Open*. Destacaron os

resultados de Miguel Reza Salgado, Marcos Reza, Rodrigo Arias, e Brais Gerpe Vilas, entre outros, cunha significativa mellora de puntos ELO e podios en varias categorías.

3.5.3. Club Campus Ourense Rugby (acordo de colaboración)

O club contou con 119 licenzas e 7 equipos que disputaron as seguintes competicións:
Sénior masculino. Liga Territorial Galega 1º Autonómica
Sub-18. Liga Territorial Galega. Autonómico
Sub-16. Liga Territorial Galega. Autonómico
Sub-14. Liga Territorial Galega. Autonómico
Escolas deportivas: categorías sub-12, sub-10, sub-8 e sub-6 Concentracións Autonómicas Copa Xunta M18 e M16.
Equipo inclusivo con participación en 3 torneos de Galicia.
Organización torneo inclusivo en Ourense.

3.6. Campus de Pontevedra

3.6.1. Escola de xadrez Pontevedra – Universidade de Vigo (acordo de colaboración)

Durante o curso 2024/2025 expedíronse 222 licenzas, das cales 170 foron masculinas e 52 femininas. Os adestradores nesta temporada foron Pablo García Castro, mestre Internacional; Daniel Rivera Kuzawka, mestre Internacional e Miguel Palacios González, monitor de base.

O resultado máis salientable foi o cuarto posto de Xadrez: Estratexia pola Paz na División de Honra da Liga Galega, máxima categoría do xadrez galego. Ademais, os xogadores foron campións na Segunda División, houbo dous ascensos de categoría e un único descenso.

Compre destacar a representación da Universidade de Vigo en tódalas probas dos campionatos galegos, dende sub8 ate a absoluta e os resultados de Martín Lema Fernández (Campión en Sub-8) e Dores Lena Bernárdez (Bronce en Sub-8); Alicia Castillo Cores, Javier Lema Fernández e Martín Moreira Novo (Campioa, Bronce e Quinto, respectivamente, en sub-12); Javier Lema Fernández (7º en sub-14); David García Sobrino e Alicia Castillo Cores (Campión e Bronce feminino, respectivamente, en Absoluto Rápidas); Rubén Fernández López (Subcampión no absoluto lóstrego).

Javier Lema Fernández (7º no Campionato de España Sub-12)

Destacou tamén David Fernández quen revalida o título de campión de España absoluto da Federación de Cegos.

A Escola organizou varias competicións internacionais, coma o XII Torneo Internacional Cidade de Pontevedra, unha proba valedoira para a puntuación ELO, clasificación mundial da Federación Internacional de Xadrez e para a obtención das normas que dan acceso aos títulos de mestría no xadrez. É unha proba única en Galicia e das de maior nivel organizadas en España. Participaron 254 deportistas de

20 nacionalidades diferentes, con 48 mestras e mestres do xadrez á cabeza.

Tamén organizou o Torneo Internacional Campus de Pontevedra, "Memorial Ramón Escudeiro Tilve", proba valedoira para a puntuación ELO RAPID. Participaron 142 deportistas de 6 nacionalidades diferentes con 11 titulados internacionais.

3.7. Campus de Vigo

3.7.1. Sección deportiva de tenis

A sección deportiva de tenis na Universidade de Vigo contou na temporada 2024/2025 con 19 licenzas, 6 femininas e 13 masculinas; destas últimas 7 corresponderon á categoría de veteranos +45.

Estas persoas federadas participaron nas seguintes competicións:

- Veteranos +35:
  - Primeira División
- Absolutos:
  - División Prata B (masculino)
  - Primeira División (feminino)

Como resultados destacados, o equipo absoluto feminino logrou o seu ascenso á categoría División Prata B en Galicia.

3.7.2. Sección deportiva de carreiras de orientación

Durante a temporada 2024/2025 o número de licenzas foi 16, 9 femininas e 7 masculinas.

XXXIV Liga Galega de Orientación

Participaron na Liga Galega 16 deportistas, na XXXIII Liga Galega de Orientación a Pé 2024 con 16 participantes, na XIV Liga Galega de Orientación a Pé Sprint 2025 con 16 participantes, na XIII Liga Galega de Orientación a Pé Sprint 2024 con 16 participantes, na XII Liga Galega de Orientación en Bicicleta MTBO 2024 con 4 participantes, na XIII Liga Galega de Orientación en Bicicleta MTBO 2025 con 4 participantes, na VI.

Campionatos galegos

- Campionato Galego de Orientación a Pé Distancia Longa 2024 celebrado o 14 de setembro en Pena dos Monteiros.
  - 15 participantes: 9 mulleres e 6 homes

- Campionato Galego de Orientación a Pé Distancia Media 2025 Celebrado o 8 de Marzo en Parga (Lugo).
  - 11 participantes: 7 mulleres e 4 homes.

- Campionato Galego de Orientación MTBO Distancia Sprint 2025 Celebrado o 7 de xuño en Ferrol.

1 participante: 1 home.

Liga Trans-fronteiriza Galicia-Norte de Portugal de Orientación

Na modalidade de Orientación a Pé 2024 participaron 16 deportistas. A mesma participación rexistrouse en 2025.

Campionatos nacionais

- Campionato de España de Orientación (CEO-1) en El Pedroso (Sevilla). Abril 2025. Participación: 2 mulleres e 2 homes.
- Campionato Ibérico Masculino en Portugal. Abril 2025. Participación: 2 mulleres e 1 home.
- Campionato de España Universitario de Orientación a Pé 2024 en Vic e Gurb (Cataluña). Participación: 1 muller e 1 home.

3.7.3. Kaleido Vigo Rugby Club (acordo de colaboración)

O Kaleido Vigo Rugby Club contou durante o curso 2024/2025 con 248 licenzas en distintas categorías que van dende M14 ata sénior (131 masculinas e 53 femininas) e cinco equipos que acadaron os seguintes resultados:

- Resultados da liga:
  - Absoluto masculino: 1.º
  - Absoluto feminino: 6.º
  - M18: 1.º
  - M16: 3.º
  - M14: 2.º

- Resultados da Copa Xunta:
  - Absoluto masculino: 1.º
  - Absoluto feminino: 3.º
  - M18: 1.º
  - M16: 2.º
  - M14: 2.º

4. PROMOCIÓN DA SAÚDE

4.1. Cuestionarios de aptitude para o exercicio

Segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva, un total de 190 persoas (o 7,6 % do total) amosou sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario de aptitude para o exercicio. Isto supón un descenso de 4 puntos respecto dos datos do curso anterior.

	Risco moderado ou alto			Risco baixo			Sen risco			Total		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Idade media	32,4	26,8	29,0	37,1	32,6	34,4	26,5	28,4	27,3	27,7	28,9	28,3
Nº. de persoas	75	115	190	110	165	275	1148	871	2019	1333	1151	2484
%	3,0%	4,6%	7,6%	4,4%	6,6%	11,1%	46,2%	35,1%	81,3%	53,7%	46,3%	100,0%

4.2. Valoración funcional

O persoal técnico deportivo de cada campus ten entre as súas encomendas a valoración da condición física saudable das persoas usuarias co gallo de poder individualizar a prescrición dos programas de exercicio físico. Un dos parámetros que mais se ten en conta é a medición da composición corporal a través das básculas de bio-impedancia TANITA MC 780 MA.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Total		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Antropometría	4	4	8	13	12	25	55	24	79	72	40	112
%	50%	50%	7%	52%	48%	22%	70%	30%	71%	64%	36%	100%

4.3. Actividades da Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde

A Universidade de Vigo participou no curso 2024/2025 na dinamización e difusión das diferentes campañas promovidas dende esta rede universitaria que ten como obxectivo o impulso dos hábitos saudables entre a comunidade universitaria.
Entre elas as de sensibilización en prevención do consumo de drogas outras adicións e as mensaxes saudables mensuais nas que participar as universidades asociadas .

5. EVENTOS

5.1. Organizados pola Área de Benestar, Saúde e Deporte

5.1.1. Campus de Ourense

- **Xornada de conmemoración do 50 aniversario do descubrimento de Aquis Querquennis**

Campus As Lagoas; 22 de marzo de 2025
Participación aberta á comunidade universitaria e á cidadanía en xeral. A actividade consistiu nunha andaina dende o Parque Natural Serra do Xurés ata o xacemento romano de Aquis Querquennis, percorrendo 18 km de dificultade media, e permitiu coñecer o Camiño de San Rosendo, a igrexa de Santa Comba de Bande e as fermosas panorámicas do parque.

5.1.2. Campus de Pontevedra

- **XX Maratón solidario de zumba**
  - Pavillón universitario; 28 de novembro de 2024
    Arredor de 100 participantes; reuníronse 250 quilos de alimentos para a súa doazón.

5.2. Actividades do estudantado

5.2.1. Campus de Pontevedra

- **Torneos deportivos de baloncesto, fútbol sala e voleibol**
  - Pavillón universitario; 24 de abril de 2025
  - Organización por conta dos alumnos da Facultade de Fisioterapia
  - Participación de aproximadamente 100 alumnos

5.2.2. Campus de Vigo

